

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 PARA O CURSO 21/ 22

CEIP BAÍÑAS
BAÍÑAS S/Nº
15127 VIMIANZO
A CORUÑA



CEIP BAÍÑAS

ÍNDICE

Introdución.

1. Datos do centro.....6

2. Medidas de prevención básica7

2.1. Membros do Equipo Covid.

2.2. Centro de saúde de referencia.

2.3. Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe.

2.4. Número de alumnos por nivel e etapa educativa.

2.5. Cadro de persoal do centro educativo.

2.6. Determinación dos grupos estables de convivencia, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado titor e os especialistas que impartan as materias ao grupo.

2.7. Canle de comunicación para as familias indicar ao equipo Covid os casos de sintomatoloxía compatibles e para comunicar as ausencias de persoal docente e non docente.

2.8. Procedemento de rexistro de ausencias debidas ao Covid do persoal e do alumnado.

2.9. Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas a través da aplicación informática.

3. Medidas de protección individual e colectiva.....11

3.1. Determinación das medidas para o uso de espazos de PT, AL e DO.

3.2. Determinación dos xeitos de realizar as titorías coas familias.

3.3. Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro.

3.4. Uso da máscara no centro.



CEIP BAÍÑAS

4. Medidas de limpeza.....	14
4.1. Tarefas a realizar polo conserxe- limpador, espazos e mobiliario a limpar con maior frecuencia.	
4.2. Material e proteccions para a realización da limpeza.	
4.3. Cadro de control de limpeza de aseos.	
4.4. Cadro para anotar as ventilacións das aulas.	
5. Material de protección.....	16
5.1. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.	
5.2. Determinación do sistema de compra do material de protección.	
5.3. Procedemento de distribución e entrega de material.	
6. Xestión dos gromos.....	17
6.1. Plan de continxencia 21- 22	
6.2. Persoas que realizarán as comunicacións das incidencias ás autoridades.	
7. Xestións das peticións dos supostos de vulnerabilidade.....	17
7.1. Canle de petición das solicitudes de vulnerabilidade, de comunicación coa xefatura territorial e xeito de facer a petición o persoal substituto.	
8. Medidas de carácter organizativo.....	17
8.1. Determinación das entradas e das saídas. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.	
8.2. Determinación das portas de entrada e saída e das circulacións no interior do centro.	
8.3. Previsións sobre a colocación da cartelería e sinalética no centro.	
8.4. Determinacións sobre a entrada e saída do alumnado transportado.	
8.5. Asignación do profesorado encargado da vixilancia.	
9. Medidas en relación coas familias.....	20



CEIP BAÍÑAS

- 9.1. Determinacións para as xuntanzas do Consello Escolar.
- 9.2. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.
- 9.3. Previsión de realización de eventos coas familias, actividades extraescolares e complementarias.

10. Medidas específicas para o uso doutros espazos.....24

- 10.1. Emprego doutros espazos do centro (aula de inglés, aula de música, aula de psicomotricidade, aula de informática...)
- 10.2. Normas de uso da biblioteca.
- 10.3. Determinacións dos aseos por grupos estables.
- 10.4. Determinacións para as áreas de Educación Física e Música.

11. Medidas especiais para os recreos.....27

- 11.1. Horario de recreo e espazo para cada grupo estable.
- 11.2. Vixilancia dos recreos.

12. Medidas específicas para o alumnado de Educación Infantil.

13. Medidas específicas para o profesorado.

14. Medidas de carácter formativo e pedagógico.

Anexos: declaración responsable familias, enquisa de autoavaliación, plan de continxencia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

15127 Baíñas- Vimianzo- A Coruña

Telef.- 881960010/ 11

Correo electrónico: ceip.bainas@edu.xunta.es

CEIP BAÍÑAS



CEIP BAÍÑAS

Introdución.

O presente plan é unha adaptación ao noso centro do “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 21-22” aprobado pola Resolución conxunta do 1 de setembro , das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade. Polo tanto todo o establecido nel ten como referencia o plan aprobado polas autoridades competentes.

1. Datos do centro.

1.	Datos do centro		
Código	Denominación		
15026789	CEIP Baíñas		
Enderezo		C.P.	
Baíñas, Santo Antoíño		15127	
Localidade	Concello	Provincia	
Baíñas	Vimianzo	A Coruña	
Teléfono	Correo electrónico		
881960010/11/12	ceip.bainas@edu.xunta.es		
Páxina web			
www.edu.xunta.gal/centros/ceipbainas			

**CEIP BAÍÑAS**

2.	Medidas de prevención básica		
2.1	Membros do equipo COVID		
Teléfono do centro e móbiles de contacto dos membros do equipo COVID e da suplente		881960011/10 (Centro) 679714199 (Ana C.) 626678515 (Marcos C.) 606625927 (Josefina F.)	
Membro 1	Ana Cunqueiro Suárez	Cargo	Directora
Suplente	Josefina Fernández Sieira	Cargo	Mestra Primaria
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none">• Nomear membros e suplente no equipo covid.• Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia.• Coordinación do equipo COVID.• Xestionar a adquisición de material de protección necesario.• Comunicación de casos		
Membro 2	Marcos Carballeira Alonso	Cargo	Mestre de Música
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none">• Coordinar as entradas e saídas do alumnado.• Difundir a información ao resto dos docentes para que a trasladen ás familias.• Manter actualizada a web do centro coas novas de interese referentes ao COVID 19.		
2.2.	Centro de saúde de referencia		
Centro	Centro de saúde de Vimianzo	Teléfono	981707417
Contacto	Sandra Suárez Abelenda Araceli Capón Vizcaíno		

**CEIP BAÍÑAS**

2.3.	Espazo de illamento.				
<p>- Está situado na oficina anexa ao despacho de dirección. Ten dúas ventanas que permiten unha boa ventilación.</p> <p>- Está dotado de material de protección , como luvas, máscaras, panos e bata desbotables, papeleira de pedal, toallíñas desinfectantes, dispensador de xel e termómetro</p>					
2.4.	Número de alumnos e alumnas por etapa e nivel.				
Educación infantil (4º, 5º e 6º)					11
Educación primaria (1º – 2º)					15
Educación primaria (3º - 4º)					10
Educación primaria (5º – 6º)					14
2.5.	Cadro de persoal do centro.				
Educación infantil					1
Educación primaria					2
Mestras/es especialistas					5
Xefa de orientación e profesora de AL (compartidas)					2
Persoal non docente					1
Total					11
2.6	Determinación de grupos estables de convivencia.				
Etapa	Niveis	Aula	Alumnado asignado	Profesorado asignado	Grupos colaborativos
Infantil	4º/ 5º/ 6º	5	12	6	3
Primaria	1º/ 2º	25	17	6	Non
Primaria	3º/ 4º	23	10	6	Non



CEIP BAÍÑAS

Primaria	5º/ 6º	26	14	5	Non
----------	--------	----	----	---	-----

2.7. Medidas específicas para os grupos de convivencia estable.

Os grupos estables de convivencia terán as seguintes normas:

- O alumnado de 3 a 6 anos accederá con máscara a aula e procurarase que a teña posta sempre nas mesmas condicións que o alumnado de Primaria.
- O alumnado de E. Primaria terá posta en todo momento a máscara.
- Terán unha bolsa con nome para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu emprego e traerán unha segunda máscara de reposto.
- Ao longo deste curso seguirase mantendo a distancia de seguridade dentro dos grupos estables de convivencia
- Tanto para as entradas como para as saídas cada grupo estable ten un espazo sinalizado.
- O centro ten sinalizado os recorridos e saída de entrada.
- Cada alumno terá o seu propio estoxo co seu material de traballo.
- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e a orde de entrada/saída asignada.
- Existirán zonas diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material.
- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcohólico do rotulador que empregue.
- Cada grupo estable terá o seu propio de aseo.



CEIP BAÍÑAS

→ Cada grupo estable terá o seu propio espazo exterior para estar no recreo. No caso de que non se poida saír ao exterior o grupo de Infantil quedará na aula destinada a este menester, mentras que os grupos de Primaria sairán cara o pavillón onde haberá tres zonas diferenciadas (unha para cada grupo de convivencia estable)

Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro ao mesmo tempo que conseguen ter máis seguridade na convivencia. Algunhas das restricións limitan á liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun pequeno esforzo.

Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans.

2.8. Canles de comunicación.

Profesorado:

- ✓ Vía telefónica (centro ou coordinador do equipo covid)
- ✓ Correo electrónico: ceip.bainas@edu.xunta.gal

Alumnado:

- ✓ Vía telefónica chamando ao colexio (881960010/11/12)

2.9. Rexistro de ausencias.

Existirán dous modelos paralelos para o rexistro de asistencia do persoal e do alumnado.

Ao rexistro convencional empregado habitualmente (follas de rexistro e Xade), engadirase un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible co covid-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por covid-19 quedará eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.



CEIP BAÍÑAS

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas cada fin de mes na dirección do centro.

2.10. Comunicación de incidencias.

✓ Aviso ao coordinador covid-19.

✓ A partir de aquí, establecerase a comunicación do coordinador covid-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado:

Chamada telefónica á familia do afectado/a.

Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia.

Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.

Subida de datos á aplicación.

3.	Medidas xerais de protección individual e colectiva.
-----------	---

3.1. Situación dos pupitres.

En función do número de alumnos/as cada titor organizará os pupitres do seu alumnado respectando a normativa que se dite. Como xa se dixo, neste curso os grupos estables de convivencia seguirán gardando a distancia de seguridade.

- Cada grupo contará coa súa aula- titoría. Na última sesión do día coidarase de que o alumnado deixe o seu sitio ordenado, coa mesa e a silla desinfectada e esta colocada encima da mesa. O profesorado indicará ao alumnado o modo de proceder a desinfección e proporcionaralle o material preciso.

- Existen aulas para as distintas especialidades. Será o propio especialista o que decidirá se a emprega ou non. No caso de que os especialistas empreguen a aula da súa especialidade cada vez que haxa un cambio de grupo terá de ventilar 10 minutos e desinfectar pupitres, sillas e demais materiais.



CEIP BAÍÑAS

- Para realizar apoios/ desdobres habilitáronse outras aulas que cumpren as condicións hixiénicas de limpeza e ventilación que teñen as aulas habituais das distintas titorías. O docente que empregue estas aulas coidará de que quede desinfectado o material e mobiliario que se usou.

3.2. Espazos de PT, AL e DO.

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

- Emprego de máscara como di a norma xeral.
- Cando o punto anterior non poida ser cumprido debido ao traballo específico que se realiza, contarán con mamparas de protección que serán empregadas cando sexa necesario.
- Aconséllase ao profesorado destas dúas especialidades que empreguen viseiras protectoras.
- Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

3.4. Titorías coas familias.

As titorías levaranse a cabo de xeito presencial. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, garantindo a distancia social. Todos os asistentes a unha titoría presencial levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans. Será obrigatoria a cita previa, empregando como canle a axenda do alumnado, o teléfono do centro ou a aplicación abalarmobil.

No caso de que a evolución da pandemia sexa moi desfavorable optarase polas titorías vía telefónica.



CEIP BAÍÑAS

3.4. Canle de información coas persoas alleas ao Centro.

- Reforzaranse as vías de comunicación dixitais, polo que a web do colexio pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral.
- Como sistema de mensaxería trataremos de empregar abalarmóbil, é moi importante que todas as familias descarguen a aplicación para reducir as comunicacións alleas a esta canle.
- Para as familias que non poidan ter a aplicación, empregárase unha vía alternativa, que será o correo electrónico ou a chamada telefónica.

3.5. Uso da máscara no centro.

Entendemos que, independentemente das recomendacións e obrigação do uso da máscara a nivel xeral, **un centro educativo debe promulgar hábitos** que contribúan á concienciación sobre os beneficios do emprego da máscara.

Educación Infantil:

- Empregárase a máscara en todo momento agás dentro da aula co grupo estable de convivencia, neste caso procurarase que a empreguen sempre que sexa posible. Polo tanto, en todas as zonas comúns: patio, corredores... será obrigatorio o emprego de máscara para todo o alumnado, incluído o de educación infantil.
- Cada neno/a traerá unha máscara de reposto.
- Cada neno/a traerá unha bolsiña co seu nome para gardar a máscara nos momentos en que na empregue.

Educación primaria:

- Uso obrigatorio en todo momento. Se a normativa cambia ao longo do curso, actualizarase o emprego da máscara en base ás modificacións que se realicen.
- Cada neno/a traerá unha máscara de reposto.



CEIP BAÍÑAS

- Cada neno/a traerá unha bolsiña co seu nome para gardar a máscara nos momentos en que na empregue.

Profesorado:

Empregará en todo momento a máscara, agás naqueles momentos nos que impida o normal desenvolvemento do seu traballo, como poidan ser as sesións de AL. Cando isto se produza, será obrigatorio manter a distancia de seguridade e aconséllase o emprego de pantallas protectoras ou mamparas de separación.

3.6. Información e difusión do plan entre a comunidade educativa.

- O plan difundirase a través da páxina web do centro. Avisarase as familias da súa publicación mediante unha mensaxe (whatsapp, abalarmobil, correo electrónico)...
- Deixamos a porta aberta a modificacións desta versión, xa que as achegas que recibamos por parte da comunidade educativa poder dar lugar a melloras no documento.

4.	Medidas de limpeza.
-----------	----------------------------

4.1. Asignación de tarefas ao conserxe- limpador e distribución horaria.

Conserxe/ limpador

Tarefas a realizar pola mañá.

- Ventilación das aulas antes da chegada do alumnado.
- Limpeza/desinfección dos baños dúas veces ao longo da xornada lectiva.
- Limpeza dos pasamáns
- Limpeza e desinfección de zonas sensibles de uso frecuente.

Tarefas a realizar pola tarde.

Limpeza e desinfección de todas as aulas, despachos, salas e zonas de uso común.

Distribución horaria.

De 8h a 14h e de 15:30 a 18:00h



CEIP BAÍÑAS

4.2. Material e protección para realizar as tarefas de limpeza.

O conserxe- limpador, ademais de seguir as normas de protección de todo o persoal do centro, empregará os elementos de protección aconsellados para levar a cabo o seu labor, como son as luvas e a máscara.

4.3. Cadro de control de limpeza de aseos.

En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores.

4.4. Cadro de control para anotar as ventilacións das aulas.

- En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas. A primeira ventilación do día realizarase antes da entrada do alumnado e será realizada polo conserxe.

- O resto de mañá este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no cadro de control.

4.5. Determinación de espazos para a xestión de residuos.

- En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).

- O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo.

- A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto, empregando unha bolsa de diferente color, evitando a súa mestura co lixo xeral para evitar riscos ao persoal de limpeza.



CEIP BAÍÑAS

5. Material de protección.

5.1. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.

A persoa que exerza a dirección do centro será a responsable de inventariar todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, creárase un apartado específico dentro do cadro xeral do centro denominado “material covid-19”

5.2. Determinación do sistema de compras do material de protección.

- Unha vez recibida a dotación inicial por parte da Consellería, o centro garantirá a existencia de máscaras suficiente como para as posibles contingencias que poidan xurdir. Haberá unha dotación delas no despacho de dirección.
- O aprovisionamento de máscaras para o profesorado seguirá as indicacións que marque a Consellería.
- Outro material de protección, pero cun emprego máis específico e limitado, serán as luvas de látex ou vitriolo, que estarán situadas no mesmo despacho e no cuarto de illamento de posibles casos.
- Contarase con xel hidroalcohólico, panos desbotables, desinfectante para superficies en todas as dependencias do centro.

5.3. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

- Realizarase unha entrega a cada membro do cadro de persoal do centro do material en canto sexa enviado pola Consellería. Este material será entregado polo director e os receptores deberán asinar nunha folla de rexistro a recepción do mesmo.
- En cada aula e espazo do centro haberá un dispensador de xel para a desinfección de mans e un difusor para a limpeza e desinfección de teclados e outros utensilios.
- O persoal de limpeza será o encargado de facer as reposicións do xel e de comunicar á dirección a necesidade da adquisición do mesmo.



CEIP BAÍÑAS

6. Xestión dos gromos.

6.1. Medidas

No caso da aparición dun gromo no centro levaranse a cabo as medidas previstas no punto sete do “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021- 2022”

Estas medidas están tamén recollidas no “Plan de continxencia” elaborado para este suposto polo centro.

6.2. Responsable de comunicar as incidencias ás autoridades.

O responsable de realizar as comunicacións será a persoa que exerza a dirección do centro, e na súa ausencia, o segundo membro do equipo COVID.

7. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.

7.1. Procedemento de solicitudes.

- Atendendo ao apartado 9 do *protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022* a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio: ceip.bainas@edu.xunta.gal

8. Medidas de carácter organizativo.

8.1 Entradas e saídas. Determinacións sobre o alumnado transportado.

- O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é **evitar as aglomeracións e os tempos de espera** nas entradas e saídas.

- O **éxito** desde plan vai **depende** do **cumprimento estrito dos horarios** establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado.



CEIP BAÍÑAS

Horarios de entrada e saída:

O persoal docente estará no centro ás 8:50h. Cada mestre/a farase cargo do curso ao que lle toque impartir a 1ª sesión do día. Recibirán ao alumnado e levarano ata o punto de espera que temos sinalado para cada grupo e poder cumprir así coa distancia de seguridade marcada entre os distintos grupos estables.

O alumnado que emprega o autobús escolar entrará no colexio ás 8:50h. No caso do alumnado que é transportado polas familias accederá ás 8:55h, unha vez marchen as distintas liñas de autobús. Indicaráselle ás familias do alumnado que teña praza no transporte escolar que debe facer uso delas na vez de empregar o coche particular, evitando así concentración de vehículos e persoas e facilitando a organización dos postos que se van empregar dentro do bus.

As portas do centro pecharanse as 9:00h. Aquelas familias que traian ao alumnado tarde, sen motivo xustifico, terán que esperar ao remate da 1ª sesión para que o/a alumno/a poida acceder ao centro.

8.2 Portas de entrada e saída e circulacións no centro.

Diferenciamos dúas portas de acceso ao colexio:

Porta principal esquerda para o alumnado de EI

Porta principal dereita para o alumnado de EP

Organización das entradas :

- O **alumnado de Infantil** accederá ao centro pola porta principal esquerda. Primeiro accederá o alumnado que veña no autobús que será dirixido polo docente que lle corresponda cara o espazo de recreo interior que está próximo a súa aula. As familias que acompañen ao alumnado de EI poderano acercar a porta de entrada para entregarllo ao docente que lle corresponda. No caso das familias do alumnado que se incorpore por primeira vez será informado antes do inicio das clases pola titora deste grupo das condicións en que debe traer ao neno/a



CEIP BAÍÑAS

- O **alumnado de Primaria** accederá ao centro pola porta principal dereita. Cada grupo estable será recibido polo mestre/a que lle corresponda e irá para o espazo que ten destinado no recibidor principal. Ás nove accederá a súa aula. Os distintos grupos estables seguirán os itinerarios establecidos e sinalados.

As familias que traian ao colexio ao seu fillo/filla non poderá entrar no recinto escolar. Deixáranos no portalón.

Na porta de entrada ao centro estará un docente vixiando que o alumnado faga a correcta hixiene de mans.

Organización das saídas:

Ás **13:55h** soará un timbre para que se empece a recoller e prepararse para a saída os da etapa da Primaria.

Na Educación Infantil, será a titora a que determine a hora de prepararse para a saída. O grupo terá que estar listo para acceder ao bus as 13:55h e as familias na porta de entrada para recollelos a mesma hora. Primeiro sairán os/as alumnos/as que vaian en bus e no final da ringleira os que haxa que entregar as familias. A porta de saída será a principal esquerda.

No caso da Primaria, unha vez listos colocaranse en ringleiras no pasillo correspondente. Primeiro baixará cara a porta de saída principal dereita alumnado do grupo 1º/2º acompañados do docente co que estiveron na última sesión que os dirixirá ata o portalón de saída. Cando acaden o primeiro andar empezará a baixar o grupo de 3º/4º. E posteriormente o de 5º/6º. En todo momento se respectará a distancia de seguridade. As familias esperarán ao seu fillo/filla fóra do recinto escolar. Non poderán pasar do portalón para dentro como era costume.

8.3 Cartelería e sinalética

- Será preceptivo colocar cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.

- A información será a xeral relacionada coa COVID e coas medidas de seguridade básicas.

- Ademais da cartelería “oficial” enviada pola consellería, colocaranse carteis de elaboración propia.



CEIP BAÍÑAS

- Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir, sempre pola dereita do mesmo.
- Como cada grupo estable ten o seu aseo poñerase cartelería indicando a que curso corresponde cada un.

8.4 Asignación do profesorado encargado da vixilancia

Entradas:

Serán coordinadas polo membro dous do equipo COVID.

Na entrada de Primaria estará un mestre/a vixiando a correcta hixiene de mans.

O mestre/a que teña a primeira sesión cun grupo será o encargado da súa vixilancia na entrada.

Recreo:

1 mestre/a en cada quenda de primaria.

1 mestre/a no recreo de infantil

Saídas:

- Coordinadas polo membro dous do equipo COVID.

- Cada grupo sairá acompañado do docente que lle impartiu a última sesión do día que acompañará ao alumnado ata o portalón de saída. Antes de saír do aula o alumnado procederá a hixienizar as mans.

9.	Medidas en relación coas familias.
-----------	---

9.1. Determinacións para as xuntanzas do Consello Escolar.

As reunións do Consello Escolar procurarán facerse presenciais.

Se a situación así o require farémolas telemáticas .

9.2. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.

As titorías levaranse a cabo os luns de 15:30h a 16:30h, como de costume, con cita previa empregando as canles habituais: abalarmóbil, axenda do alumnado, chamada telefónica...



CEIP BAÍÑAS

- Serán presenciais, terán lugar na aula da titoría do/a alumno/a e coas seguintes medidas de seguridade:

- Emprego de máscara.

- Hixiene de mans ao acceder á aula.

- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.

As reunións de inicio de curso faranse de xeito presencial, a non ser que haxa un empeoramento significativo da situación. Limitarase a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal. Cumpriranse todas e cada unha das medidas anteriores.

9.3. Previsións para a realización de eventos coas familias, actividades extraescolares fóra da xornada lectiva e actividades complementarias.

No caso de melloría evidente da situación pandémica o equipo docente valorará de novo este apartado polo de agora as celebracións coas familias e as actividades extraescolares quedan anuladas. No caso de actividades complementarias á hora de organizalas teránse en conta estas premisas:

Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel.

Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.

Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración da actividade.

Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.

En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas e estudando cada caso de xeito particular. De ser posible realizaranse dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os distintos recursos que ofrece a nosa vila.



CEIP BAÍÑAS

10. Medidas específicas para o uso doutros espazos.
--

10.1. Emprego doutros espazos do centro.

Todas as aulas do colexio, incluído o pavillón **deben ofrecer as mesmas garantías** de seguridade. Deste xeito, todas terán a mesma dotación (dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

- Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación **de 5/10 minutos** e labores de limpeza básica. Para garantir que este tempo se cumpre, os mestres de inglés, música, relixión e EF irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión.

- No caso do pavillón, e, ao ter que desprazarse o alumnado polo exterior do centro, o tempo de ventilación transcorre mentres se desprazan á aula, polo que non é preciso levar a cabo o punto anterior.

- Os vestiarios non se empregaran.

- Á hora de facer fotocopias será responsabilidade do usuario cumprir as seguintes normas: Desinfectar as mans antes de usar as fotocopiadoras, ordenador, encadernadores e plastificadora; pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies manipuladas despois do seu uso; uso obrigatorio de máscara e limpeza de mans; evitar enviar ao alumnado a recoller fotocopias.

10.2. . Biblioteca

1. Promoverase a biblioteca itinerante de aula.
2. Polas tardes non funcionará o servizo de Biblioteca.
3. Os libros pasarán unha corentena cada vez que sexan empregados.



CEIP BAÍÑAS

4. Antes e despois de empregar os equipos informáticos será necesario que os usuarios realicen unha limpeza de mans e desinfección dos elementos de uso (teclado e rato).
5. Tódolos sitios terán que ser desinfectados despois de cada uso polo mestre/a que estaba co alumnado que os empregou.

10.3. Emprego dos aseos por cada grupo estable.

O alumnado empregará o aseo que se lle asigne. Cada grupo estable terá o seu aseo diferenciado para nenos e nenas. Terá que empregar a máscara cando vaia ao aseo e facer a hixiene de mans cando entre e saia. Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans. Serán desinfectados conforme indique a normativa.

10.4. Determinacións específicas para as materias de Educación Física e Música.

Educación Física:

Tomando como referencia os protocolos FISICOVID das federacións galegas de fútbol e baloncesto, que elaboraron conxuntamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, e xunto coas normas xerais reflectidas nesta adaptación, propónse as seguintes normas específicas para a materia de educación física:

Medidas xerais de limpeza de superficies e material:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de



CEIP BAÍÑAS

elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

- Realizaranse tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manteranse as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizaranse os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento de pedal, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie polo menos unha vez ao día.

Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:

- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal e sempre que sexa posible utilizar máscara, salvo no momento da sesión. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.
- Ao remate da sesión de EF o alumnado de E.Primaria asearase no seu baño e mudará a camiseta.
- Evitar lugares concorridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso. Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.



CEIP BAÍÑAS

- Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes. Cando ese material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.
- Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula.
- Nas actividades ao aire libre que non impliquen contacto físico estreito e se manteña a distancia de seguridade poderase prescindir da máscara.

Música:

Esta área comparte moitas características coa de Educación Física, polo que pode facerse unha analoxía das actuacións que nesa área se levarán a cabo. Sen embargo, hai situacións específicas que determinamos a continuación:

No caso do emprego da frauta ao ser una actividade na que, pola súa propia natureza, poden emitirse cantidade de gotas de saliva, extremaranse as precaucións coas seguintes medidas:

- Todo o alumnado estará orientado á mesma dirección cando se faga uso da mesma.
- Os limpadores serán de uso exclusivo de cada alumno, quedando terminantemente prohibido o uso compartido.
- Ao rematar o uso, fará unha limpeza inmediata para evitar a condensación no interior do instrumento, acto seguido, procederá á desinfección das mans.



CEIP BAÍÑAS

- Cada alumno/a terá a súa propia funda de fruta identificada co seu nome.

Actividades de danza:

- Darase prioridade a coreografías que non impliquen contacto físico.
- Será obrigatorio o uso de máscara xa que non se garante a distancia mínima de seguridade.

11. Medidas especiais para os recreos
--

Horario:

O recreo será, como sempre, das 11:30 ata as 12:00h.

Espazos:

Cada grupo estable terá un espazo exterior asignado para estar no recreo. Este espazo irá rotando semanalmente.

A zona de recreo 1 será a zona da pista de fútbol; a zona de recreo 2 será a zona da pista de baloncesto; a zona de recreo tres será a zona lateral dereita do colexio.

Os días de chuvia o alumnado de primaria irá ao pavillon polideportivo, que estará repartido en tres zonas. Aumentarase a ventilación deixando as portas abertas durante todo o recreo.

No caso de Infantil teñen o seu propio parque de xogos e para os días de chuvia unha aula preparada para este fin.

Vixilancia

O profesorado poderá ser asignado a calquera das etapas independentemente de que dé clase nela ou non.



CEIP BAÍÑAS

12. Medidas específicas para o alumnado de educación infantil.

Metodoloxía.

A pesar de que en infantil temos un grupo de convivencia estable, márcanse unha serie de pautas que axuden a minimizar, na medida do posible, o risco de contaxio e propagación.

Este é un ciclo no que a idade do alumnado e a súa etapa evolutiva invitan á experimentación, á vivenciación, ao intercambio, ao contacto e á liberdade; que xustamente entran en conflito coas medidas de seguridade para evitar contaxios.

Non renunciar a esas características ao mesmo tempo que intenta minimizar os riscos é algo complexo e que se intentará facer deste xeito:

Asemblea:, Realizárase cos nenos sentados no sitio sinalado na tarima. Levarase a cabo na aula 4 (aula de xogos) Dentro desas rutinas habituais incluírase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Neste sentido, deixar claro que nesta aula o dispensador de xel non estará na parede ao alcance do alumnado, xa que isto podería supoñer un risco, polo que a aula terá un dispensador de man , do que a propia mestra será responsable ao igual que da distribución cando sexa necesario.

Colocación do alumnado / agrupamentos: Variará a distribución do alumnado na aula, que en vez de estar nunha mesa en gran grupo pasarán a colocarse en subgrupos feitos co alumnado de cada nivel cun máximo de cinco alumnos/as.

Recunchos: Os subgrupos creados para a colocación na aula serán os mesmos para o xogo en recunchos. O material dos recunchos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca.

Antes de ir aos recunchos realizárase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos e mans á boca.



CEIP BAÍÑAS

Uso de aseos: Realizarse a limpeza e desinfección completa dúas veces por xornada lectiva como mínimo, e outra ao remate da xornada. O alumnado realizará a hixiene de mans cada vez que vaia ao aseo.

Uso de máscara: Aínda que a normativa sobre os grupos de convivencia estable non a esixa nin tampouco a idade deste alumnado, cremos que o emprego da mesma en espazos comúns e recreos será beneficioso (sempre que sexa posible), tanto a nivel de protección como para xerar un hábito moi recomendable entre a poboación.

Será labor conxunta de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitatalas de xeito correcto, así como a maneira de gardalas na funda.

Material: Antes do comezo de curso facilitarase a listaxe co material propio que debe ter o alumnado. Entre este material será moi importante que haxa unha funda para as máscaras.

Material común:

Colocarase en gabetas exclusivas para cada grupo. Antes do emprego de material común procederase á limpeza de mans.

Dentro do material común haberá material de uso individual, que estará gardado en bolsas, lapiseiros, caixas... co nome de cada alumno.

Merenda: No momento da merenda procurarase a maior distancia frontal entre o alumnado. Resulta moi difícil que todo o alumnado desta etapa sexa autónomo para este labor, requirindo en moitas ocasións a axuda do profesorado, que, neste caso puntual, empregará luvas. Este curso será máis importante ca ningún outro respectar as merendas que se propoñan no calendario ao inicio de curso, porque dese xeito poderá preverse mellor o tipo de axuda que van requirir os nenos. Sempre que o tempo o permita a merenda farase no patio.

Actividades e xogos: O noso patio permite unha dispersión do alumnado e que poidan evitarse aglomeracións. O alumnado poderá usar xoguetes se a situación pandémica non está no nivel máis alto de risco.



CEIP BAÍÑAS

13.	Medidas específicas para o profesorado.
------------	--

O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene en tódalas aulas para proceder a limpeza do seu instrumental docente cando remate a súa estancia nesa aula.

Nas xuntanzas manteranse as normas de hixiene e seguridade establecidas pola normativa vixente. Estas normas tamén se manterán nas reunións coas familias (hixiene de mans, distancia de seguridade, ventilación...)

14.	Medidas de carácter formativo e pedagóxico.
------------	--

1. Normas relativas a metodoloxías na aula e programacións: Nas programacións didácticas incluiremos a metodoloxía de traballo para o caso de que teñamos que empregar o ensino a distancia.
2. Formación en educación en saúde : Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19. Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade. Difusión das medidas de prevención e protección. Todas as medidas que vaian saído daranse a coñecer a través de web do centro.
3. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais: O profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais. En calquera caso, o responsable de Tics do centro será o que leve a cabo o traballo de mantemento da aula virtual 2021/2022.. O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas dos responsable Tics.
4. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”: Estás previsións están recollidas na Resolución de 17 de xuño de 2021 pola que se ditan as instrucións para o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

15127 Baíñas- Vimianzo- A Coruña

Telef.- 881960010/ 11

Correo electrónico: ceip.bainas@edu.xunta.es

CEIP BAÍÑAS

desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/ 2022.

Este “Plan de adaptación á situación COVID-19 é un documento público que o centro pon á disposición a comunidade educativa e das autoridades sanitarias e educativas publicando na páxina web do colexio ou por calquera outra canle que se considere oportuna.

Baíñas, 6 de setembro de 2021.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

15127 Baíñas- Vimianzo- A Coruña

Telef.- 881960010/ 11

Correo electrónico: ceip.bainas@edu.xunta.es

CEIP BAÍÑAS
